

## PLENO

**ACTA 2020/04 DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE OROSO DO 07/05/2020.**

Celebrada a distancia a través de videoconferencia ao abeiro do previsto no artigo 46.3 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de Bases de Réxime Local considerándose como lugar de celebración aos restantes efectos o salón de sesións da casa do Concello ás 9:00 horas, asisten:

- 1 Manuel Mirás Franqueira – alcalde – (PSdeG-PSOE)
- 2 Vanesa Boo Martínez (PSdeG-PSOE).
- 3 Antonio Leira Piñeiro (PSdeG-PSOE)
- 4 Luis Rey Villaverde PSdeG-PSOE)
- 5 Javier Grela Mosquera (PSdeG-PSOE)
- 6 Beatriz Rodeiro Fernández (PSdeG-PSOE)
- 7 Alexander Doval Expósito (PP)
- 8 Lidia López Gándaras (PP)
- 9 Silvia Suárez García (PP).
- 10 José Carlos Mosquera Boo (PP)
- 11 José Manuel Mirás Pulleiro (OR)
- 12 María Teresa Cendal Iglesias (OR)
- 13 Isabel Fernández Gallego (BNG).

A fin de garantir a publicidade da sesión habilitase desde o concello a transmisión do mesmo en directo a través do canal Youtube facendo público o enlace a través da web municipal, sen prexuízo da grabación do mesmo e posterior difusión a través do mesmo canal.

Actúa como secretario do Pleno o Secretario da Corporación D. Federico Suárez Cancelo, asiste o Interventor da Corporación D. Félix Carrasco del Pozo.

Antes do inicio da sesión por parte do Secretario da Corporación procédese a preguntar a todos os asistentes presentes a súa ubicación, procedendo todos eles a declarar responsablemente que se atopan en territorio español.

Seguidamente o Sr. Alcalde solicita que se garde un minuto de silencio polo ex funcionario do Concello D. José Daniel Liste e por todas as vítimas derivadas da pandemia producida pola COVID-19, sendo

## PLENO

gardado o minuto de silencio por todos e todas os asistentes.

Constitúese o Pleno da Excma. Corporación en sesión EXTRAORDINARIA conforme á convocatoria e segundo a seguinte ORDE DO DÍA

### I PARTE RESOLUTORIA

1.-Aprobar se procede a proposta de acordo presentada polos concelleiros do grupo municipal do PP referente a distintas medidas de axuda económica durante a vixencia do estado de alarma decreto polo RD 463/2020 do 14 de marzo.

Seguidamente o alcalde declara aberta a sesión en primeira convocatoria procedendo a continuación a tratar os diferentes asuntos incluídos na orde do día:

### I PARTE RESOLUTORIA

**1.-Aprobar se procede a proposta de acordo presentada polos concelleiros do grupo municipal do PP referente a distintas medidas de axuda económica durante a vixencia do estado de alarma decreto polo RD 463/2020 do 14 de marzo.**

Toma a palabra o Sr. Alcalde quen afirma que sobre esta cuestión xa tivermos varias reunións, en concreto se fixeron 7 reunións da comisión de seguimento da COVID-19, seguidamente cédelle a palabra ao voceiro do PP.

D. Alexander Doval Expósito (PP) indica que antes de entrar neste tema quería sumarse ao minuto de silencio polas vítimas e igualmente tamén por Jandro Moure que tamén foi concelleiro da Corporación.

Intervén o Sr. Alcalde quen sinala que non o sabía e que debeuno dicir antes e interrompelo para incluílo no minuto de silencio que sería o correcto.

Continúa D. Alexander Doval Expósito (PP) sinalando que o obxecto deste pleno, é que desde que se fan as reunións da comisión do

## PLENO

COVID, o seu grupo ven solicitando que se adopten medidas económicas, como vemos que estas medidas non se están a adoptar é por iso polo que solicitamos este pleno. Considera que é o momento de adoptar medidas, de favorecer ao pequeno comercio e aos autónomos, como non pode ser doutro xeito respectamos o informe de Secretaría e Intervención como facemos sempre, pero consideramos que son medidas que xa se adoptaron noutros concellos e se non se aproban hoxe e se chega o consenso de que se estuden estas ou outras na comisión de contas, facenda e patrimonio nos estamos conformes, pero o importante é que se adopten medidas.

Intervén o Sr. Alcalde quen afirma que na comisión do COVID chegamos ao consenso entre todos de crear unha comisión para falar das medidas económicas que se poidan adoptar, posteriormente a fin de non crear unha nova comisión, acordamos que se levase á comisión especial de contas, facenda e patrimonio. Está claro que se teñen que poñer encima da mesa medidas económicas e para iso levamos feitas xa sete reunións da comisión de seguimento con todos os grupos políticos pola nosa parte se seguirán facendo todas as que fagan falta. Consideramos que postulados políticos demagóxicos agora non procede e acordamos entre todos levar este tema á comisión de contas. Non cabe dicir que o Concello non se moveu, se estiveron facendo actuacións a fin de facilitar medidas de protección ás persoas e tamén aos negocios que tamén estaban abertos, e se seguirá axudando. O Goberno do Estado sacou medidas para axudar aos comerciantes e ás PYMES e estamos á espera de ver cales son as medidas que saca a Xunta de Galicia e a partir de aí o Concello, a onde non chegue o Estado e a Xunta poderá complementalas. Dende o Concello asesoraremos e facilitaremos no tema das terrazas a fin de que teñan mais espazo para poder cumprir cos requisitos. Agradece o consenso que se está a ter na comisión de seguimento do COVID e en todo caso a poboación non está desamparada e sempre estivemos traballando para a súa protección e para atender as súas necesidades.

Toma a palabra D. José Manuel Mirás Pulleiro (OR) quen afirma que antes de nada quere agradecer as regras deste pleno que se está a transmitir en directo e que é telemático o que implica que o pleno no que se aprobou o orzamento é nulo de pleno dereito xa que se fixo de xeito presencial estando en estado de alarma e non público. Dito esto, centrándose xa no asunto da orde do día, considera que a pandemia provocou un problema económico gravísimo e a vida continúa e todos os proxectos comerciais deben seguir, debemos ser creativos e non podemos quedarnos na busca do tempo perdido. Considera que se debería facer un inventario do tecido produtivo. Se falamos do sector

## PLENO

agro forestal que en Oroso é de base familiar pero que pouco a pouco se foi innovando. Tamén se ten que ter en conta a actividade do polígono industrial de Oroso que é un polígono novo e que aínda ten moitos anos de desenvolvemento e de vida, así como os talleres e os autónomos das parroquias e de Sigüeiro. Un cuarto elemento son os recursos turísticos derivados do Camiño Inglés que se van a ver loxicamente afectados, así como a festa da Troita, aquí tamén se podería incluír unha degustación ou exaltación do grelo que reactivase o comercio e o turismo. Tamén debe impulsarse a vía verde que está en camiño e unha limpeza e posta en valor das sendas fluviais. Un quinto elemento que se debe ter en conta é a nosa cercanía á Finsa e aos polígonos industriais de Santiago e Ordes así como ao aeroporto. Temos estes cinco elementos que son a base do tecido produtivo do noso Concello e desde Oroso Renovable nos preguntamos se estes cinco elementos teñen futuro e a resposta que atopamos é que si. Temos que ter en conta que a poboación é maioritariamente no nos concello inferior a 50-55 anos e que aínda está a tempo de reiniciarse, como dicíamos o polígono industrial é novo e aínda ten moitos anos de vida por diante. Dende Oroso Renovable estamos dacordo en que se convoque a comisión de contas, pero tamén que se cree a mesa local de comercio e que se reúna para facer un inventario de cales son as necesidades reais dos comerciantes. Redactar unha ordenanza municipal para ver que reserva de crédito se pode utilizar para conceder subvencións aos comerciantes.

Os contratos menores que realice o Concello terían que priorizar a contratación co comercio local, reducir ou limitar a publicidade en prensa e substituír as orquestras por grupos locais. Deberíanse defender as actividades locais do comercio e da hostalaría e non competir con elas como por exemplo se fai coa cafetería da piscina que tería que estar vinculada á propia actividade da piscina e non cara o exterior. Igualmente propoñemos que se poña en marcha un sistema de bonos de 1.000 euros á semana para que a xente gaste no comercio local. Propón igualmente reservar un domingo de agosto ou de setembro para seguir dándolle continuidade á festa da troita pero que sexa realmente unha exaltación do produto e que se substitúan as orquestras por grupos locais. Insiste en que tamén se podería facer unha promoción do grelo cando sexa a tempada. Considera que estamos no momento de facer propostas e que o Concello ten que nuclear a reactivación. Debemos comprometernos co comercio local. A política non se dignifica con dedicacións parciais ou totais dos concelleiros.

Toma a palabra o Sr. Alcalde quen considera que hoxe non era o día para facer ataques se non para buscar un consenso. Afirma que el lle

## PLENO

dedica moito tempo ao Concello, o que pasa que non quere que sexa a súa única actividade pero o de dedicación parcial é so sobre o papel xa que lle dedica moitas horas ao Concello. Mentres D. José Manuel Mirás Pulleiro estaba a falar mal do concello en redes sociais, afirma que el estaba a traballar polo concello. Buscando material de protección sobre todo ao principio onde era enormemente complicado xa que todo se fabrica fora do continente. Non pode falar de dedicación parcial cando lle dedica moitísimo tempo ao Concello. Afirma que o Sr. Mirás Pulleiro fai unha serie de afirmacións nas que entra en contradicións. Por exemplo fala de apoiar os grupos locais, cando estes non poden ter queixa do apoio que se lles prestou sempre dende o Concello e que el persoalmente foi membro fundador de Lembranzas do Tambre sen ir mais lonxe e que desde o concello se apoian moito as iniciativas culturais de todos os grupos. Fala igualmente de suprimir as orquestras, pero pode ir a preguntarlle aos hostaleiros e verá como todos as queren. Afirma que non é un admirador das orquestras pero ningún dos grupos locais desgraciadamente nos trae a 6.000 persoas que é o que demandan os hostaleiros. Afirma que non ten ningún tipo de interese en traer á París de Noia ou ao Combo Dominicano pero logo vas a falar cos hostaleiros e é o único que queren. A literatura está moi ben, pero a práctica é outra cousa. Desde que comezou a crise o grupo de goberno buscamos mascarillas ata en China ou hidroxel porque non había, que so tiñamos 10 mascarillas ao inicio da crise. Sinala que podería contestarlle moitas cousas pero considera que hoxe ten que ser o día do consenso. Estou dacordo en que a crise vai a durar moito mais que dous meses. Moitas das cousas que propón o voceiro de Oroso Renovable necesitamos un cambio normativo para que podamos facelas, outras directamente son literatura como cando fala da Finsa ou do Aeroporto que pouco ou nada teñen que ver con Oroso. O Concello complementará o que fagan outras administracións e a proposta que se trae polo PP ten o informe en contra do Secretario e do Interventor e polo tanto imos a votar en contra por este motivo co compromiso de convocar a comisión de contas para buscar as medidas económicas que se poidan adoptar.

Toma a palabra D. Alexander Doval Expósito (PP) quen considera que se ten que centrar o tema e que existen moitos días para discutir moitas cousas e non estar a falar agora da París de Noia. Respecto de levar este tema á Comisión Informativa, teño que dicir que estamos dacordo pero debería convocarse xa a próxima semana xa que é necesario axudas agora, e en canto á proposta que traemos non temos problema algún en que se varíe o que queremos é que se axude ao comercio e ás PEMES. Quere agradecer publicamente o traballo

## PLENO

realizado por Protección Civil e polo que respecta ás propostas de José Manuel Mirás Pulleiro é difícil valoralas xa que son moitas e non as temos por escrito. Si podemos dicir en relación a algunha que por exemplo a mesa local de comercio xa está constituída neste concello e que a lexislatura pasada formaba parte dela precisamente a concelleira do noso grupo Silvia Suárez García.

Intervén D<sup>a</sup>. María Isabel Fernández Gallego (BNG) quen afirma que se quere centrar no tema do pleno xa que na proposta presentada polo PP existen temas que atinxen á súa concellería. De todo o que propón o PP podemos dicir que o de aboar as coutas da seguridade social dos autónomos se podería mirar se é viable así como o tema das axudas do aluguer. En canto ao tema do recibo da auga ou do lixo desde o BNG sempre pedimos a municipalización destes servizos e deste xeito non dependeríamos agora das empresas concesionarias. Desde o BNG propoñemos que non se pague o lixo por exemplo durante un ano e que se poida facer todo o posible para ampliar as terrazas e en canto ao tema de recalcular os tributos se tería que mirar. En todo caso afirma que se quere centrar no punto 5 das propostas presentadas polo grupo municipal do PP xa que é o que lle afecta á súa concellería e quere dicir que desde servizos sociais xa se viña antes desta crise dando atención a aquelas persoas con maior vulnerabilidade e aínda mais no momento en que se produciu esta situación, así se está a utilizar a tarxeta solidaria para que poidan acceder a produtos de primeira necesidade controlando que efectivamente sexan de primeira necesidade, igualmente se está a repartir por protección civil os alimentos que son doados por particulares e que agradecemos enormemente. Xunto con protección civil se achegou material escolar a aquelas familias que tiñan problemas para acceder a el e imos facilitar agora kits de conexión a internet a aquelas familias que non teñen recursos, sen embargo, vendo o que pon a proposta do PP parece que non se está a facer nada.

D. José Manuel Mirás Pulleiro (OR) afirma que cando na súa intervención fixo mención ao gasto público, o fai tamén en relación non so aos políticos, se non que le tamén é empregado público e lle parece unha defachatez estar en casa cobrando a nómina completa. Considera que a política trae moitos fondos públicos. En todo caso tamén lle reconece ao Sr. Alcalde o seu mecenazgo co deporte e con Lembranzas do Tambre. Considera que non é normal que unha charanga estea animando as rúas todo o domingo e se leve 3.000 euros e unha orquestra por unhas horas se leve 60.000 euros. Convoquemos a mesa local de comercio e escoitemos o que necesitan os comerciantes e co soporte de Secretaría e Intervención fagamos unha

## PLENO

ordenanza para a concesión de subvencións. Reitera a súa proposta de facer uns bonos a xeito de sorteo para que se poida consumir no comercio local e na idea de que os contratos menores do concello se fagan co comercio local.

O Sr. Alcalde afirma que os grupos locais sempre actuaron na Festa da Troita e o das orquestras xa dixen que é o que demandan os hostaleiros. Fala de convocar a mesa de comercio, e no que vai de lexislatura é certo que non se convocou pero na lexislatura pasada lle podo dicir que as dúas últimas veces que se convocou non apareceu ningún comerciante. Se está a falar desde o goberno todos os días cos comerciantes para saber o que necesitan e como se lles pode axudar. E reitera que segue sen entender que pinta falar da Finsa ou do aeroporto en relación a Oroso.

De cara ao comercio, efectivamente temos que tentar que a xente merque aquí pero temos que ser conscientes de que temos un hándicap importante xa que desde Sigüeiro ás Cancelas se tardan 5 minutos, menos incluso que desde algunha zona de Santiago e resulta polo tanto difícil loitar contra iso xa que a competencia é moi grande, pero traballaremos para que non sexa así.

Intervén D. Antonio Leira Piñeiro (PSdeG-PSOE) quen afirma que está algo despistado xa que cría que se viña a falar aquí da proposta realizada polo PP e non a dar un discurso dirixido ás redes sociais.

D<sup>a</sup>. María Isabel Fernández Gallego (BNG) afirma que debería retirarse a proposta e discutir a cuestión na comisión informativa.

D. Alexander Doval Expósito (PP) afirma que pode ser a primeira vez que estou plenamente dacordo no dito por D. Antonio Leira Piñeiro, e que se debería limitar o debate á proposta. En canto á mesa de comercio ten razón o que sinalou o Sr. Alcalde e tamén coincidimos en que a competencia de Santiago é moi forte e en todo caso teñen que ser tamén os comerciantes os que acudan ás convocatorias do Concello, se non pouco interese teñen. En canto ao punto 5 non pretendía ser nin moito menos un ataque á concelleira do BNG, e incluso vexo que desde puntos de vista diferentes está de acordo en moitas das propostas que facemos.

É verdade que o informe de Intervención é desfavorable, pero tamén o era o do orzamento e votaron a favor da aprobación.

O Sr. Alcalde, afirma que no caso do informe do orzamento era desfavorable por catro cousas e sen embargo neste caso é desfavorable a toda a súa proposta, que non é o mesmo.

## PLENO

D. José Manuel Mirás Pulleiro (OR) afirma que o seu grupo tamén está dacordo en que se retire a proposta e se trate na comisión de facenda, e que non resultaría moi axeitado que se tivera que votar en contra.

Intervén D<sup>a</sup>. María Isabel Fernández Gallego (BNG) quen afirma que tamén está dacordo en que se retire a proposta e que en relación ao que sinalou D. Alexander Doval Expósito, de que estaban dacordo en cousas, cada un interpreta o que considera pero ela non o ve así.

Non existindo mais intervencións o Sr. Alcalde somete a retirada do asunto da orde do día da votación de todos os concelleiros e o Pleno por

Votos a favor: trece (6 de PSG-PSOE; 4 de PP 2 de OR e 1 do BNG);  
Votos en contra: ningún ( 0 votos );  
Abstencións: ningunha ( 0 votos ) ; acorda retirar a proposta de acordo da orde do día.

E non sendo outro o obxecto da convocatoria o Sr. Alcalde da por rematada a sesión cando son as 10:20 horas do día antedito de todo o cal eu como Secretario dou fe. Asinado dixitalmente polo Sr. Alcalde e polo Secretario do Concello.